

PREGUNTAS DE COMPETENCIA COMUNICATIVA NAS PAAU

TRABALLO PREVIO

Antes de proceder a responder, é recomendable facer dúas ou máis lecturas do texto. A primeira será unha lectura rápida e xeral. Na segunda e posteriores, procederase a “traballar o texto”: deberase subliñar ideas ou palabras especialmente significativas (débase evitar subliñar todo o texto); pódense utilizar distintos tipos de marcas (subliñados, dobres subliñados, círculos, etc., en función da importancia que lle queiramos dar). Xeralmente, nun texto, cada parágrafo contén unha idea principal e outras secundarias, exemplos ou argumentacións que apoian a idea principal. Pode ser útil facer anotacións na marxe a cada parágrafo.

O TEMA

Debe representar o contido principal do texto, sen opinións, exemplos ou xuízos irrelevantes. O tema é unha síntese nunha soa frase, xeralmente un substantivo ó que podemos engadir sintagmas que o completen, por exemplo: “O *problema* da contaminación na ría”, “A *reciclaxe* como alternativa”, “O *compromiso* da xuventude actual”, etc. Valórase a concisión e a exactitude. Se o que se pide é un título, débense evitar aqueles que sexan excesivamente rechamantes pero inexactos.

A SÍNTESE

A síntese debe ser un resumo das ideas do texto. Nunca debe ocupar máis da cuarta parte do texto orixinal. A diferenza do esquema, no resumo as frases deben ser completas, sen elisións, e non se usarán frechas ou abreviaturas. A elaboración dun resumo supón crear un novo texto, e por isto débense evitar as frases literais do texto de referencia, e seguiranse as normas de coherencia e cohesión que rexen todo texto escrito.

O ESQUEMA. IDEAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS

A función do esquema é representar dun xeito gráfico a estrutura do texto, a relación entre ideas principais e secundarias. Evitarase repetir de maneira literal as expresións e frases do texto orixinal e teremos sempre presente que nun esquema o espazo en branco debe ser maior que o espazo escrito. O tipo de esquema máis usado é o de claves e o esquema numérico. Pódense utilizar tamén mapas conceptuais (con círculos ou recadros nos que se recolle información relacionados entre si por frechas) son máis difíciles de estruturar, pero, se o texto o permite, o resultado é óptimo para, dun só vistazo, comprender o esencial do texto.

Os criterios de selectividade establecen que se valorará a claridade de comprensión da estruturación do texto e a axeitada distinción entre ideas principais, secundarias, exemplificacións e elementos anecdóticos. Débase evitar a acumulación excesiva de elementos, a ordenación caótica e a simplificación excesiva das ideas expostas. Se o

que se pide é estrictamente a diferenciación das ideas principais e secundarias do texto, deberase remarcar no esquema esa distinción.

1. Idea principal 1:.....
 - a. Idea secundaria:.....
 - b. Idea secundaria:.....
 - i. Exemplo, cita, etc.:.....
 - c. Idea secundaria:.....
2. Idea principal 2:.....

ESTRUTURA DO TEXTO

a) Textos en prosa:

A maior parte dos textos nos que se pide a estrutura, son textos argumentativos, que normalmente teñen unha INTRODUCCIÓN onde se formula o tema. A continuación no DESENVOLVEMENTO formúlase a tese que se vai defender ou refutar con argumentos e exemplos. Finalmente, a CONCLUSIÓN, soe conter un resumo da tese e os principais argumentos.

Para contestar correctamente a pregunta, débese incluír a numeración das liñas que ocupa cada parte, e facer un resumo dos contidos de cada unha delas.

b) Textos en verso:

Un poema ten non responde a unha estrutura fixa, pero da súa lectura atenta podemos establecer varias partes atendendo ao desenvolvemento das ideas. As partes non teñen por que ser simétricas nin coincidir coa estrutura formal das estrofas. Para a análise dun poema é fundamental fixarse nos conceptos que resultan claves no mesmo e que soen vir remarcados por repeticións.

A DEFINIÇÃO DE PALABRAS

Para enunciar unha definición débese aproximarse o máis posible á súa tipificación de xénero e especie e describir as características que lle sexan inherentes. Non basta con indicar un sinónimo, aínda que pode ser útil usalo dentro dunha oración máis longa. A continuación se detallan algunhas suxestións útiles para facer definicións, aínda que non son as únicas posibilidades.

Para definir substantivos: podemos empezar con un hiperónimo e engadir as características: (*cadeira*: moble/peza de mobiliario que serve para... e consta de....; *alegría*: sentimento....)

Para definir verbos: empezar por outro verbo engadíndolle as concrecións necesarias (*correr*: camiñar rapidamente...; *pintar*: cubrir con color...)

Para definir adxectivos: empezar por outro adxectivo ou pola expresión “que + verbo” (*amable*: digno de ser amado; *azul*: que ten a cor do ceo...; abundante: que abunda, copioso).

Para definir adverbios: é útil empezar por unha preposición xa que os adverbios indican circunstancias (*agora*: neste momento; *lentamente*: con lentitude, con calma; *sempre*: en todo momento).

O COMENTARIO CRÍTICO (200-250 palabras)

Trátase de elaborar un xuízo persoal sobre unha idea relacionada co texto. Partindo dela, débese elaborar un novo texto, ben estruturado, no que se apoie ou se disinta xustificadamente do afirmado polo autor. Trátase de crear unha argumentación tomando como pretexto a idea exposta, corroborándoa con novos argumentos, ou refutándoa, criticando argumentadamente os xuízos e exemplos postos polo autor. É fundamental que o texto estea estruturado, ordenado e con coherencia, polo que deberá ter unha introdución, un desenvolvemento das ideas e unha conclusión que peche o texto. Débese evitar caer en excesivas personalizacións, ben ó contrario, tratarase de utilizar argumentos de carácter xeral, e formular a tese non como unha opinión persoal, porque isto se sobreentende, senón como un xuízo xenérico.

Á hora de desenvolver a argumentación, resulta moi recomendable facer un esquema previo, en sucio, sobre que ideas se queren tratar, en que orde e como van estar estruturadas, que exemplos se van usar, se se van incluír datos, etc. Na argumentación tamén se pode estruturar contrapoñendo pros e contras, é dicir, argumentos a favor e en contra da tese, para despois concluír cunha opción. Outra maneira de utilizar os argumentos contrarios é refutalos razoándoos lxicamente, de xeito que a tese planteada queda reforzada.

É fundamental na elaboración do texto, a utilización dun vocabulario preciso, dunha sintaxe adecuada e seguir unha estruturación, rematando cunha conclusión ou recapitulación final.